



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 29 de febreiro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 15 de febreiro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) SOLICITUDES DE PASAXES PERMANENTES

2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía



Concello de Cangas

Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

| NOME | LUGAR INSTALACIÓN |
|-------------|--|
| V. G. F. | Cima de Vila, nº 10 C-Darbo. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u> |
| I. C. S. | Castiñeiras, nº 32-O Igrexario-O Hío. Autorízase a instalación de sinal de pasaxe permanente xunto coa sinalización horizontal diante da entrada do garaxe (pintado de amarelo). <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u> |
| J. P. C. | Antonio Nores, nº 17-Cangas. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u> |
| E. B. S. S. | Avda. de Vigo, nº 122-Cangas. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u> |

2.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

Vista a solicitude realizada o día 18.02.2016 por M. N. G., na que reclama un novo sinal de pasaxe permanente, por deterioro do que ten instalado en rúa Baiona, nº 18-Cangas.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 19.02.2016 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX: 296/2016

ASUNTO: solicitude de sinal de pasaxe permanente novo

Os policía locais con número de identificación profesional núm. 052024 e 052029, por medio del presente, informan:



Concello de Cangas

Que segundo o escrito presentado por M. N. G., con DNI Nº 35892079-G e rexistro de entrada núm. 2024, con data do 18 de febreiro de 2016, polo que solicita un sinal de pasaxe permanente novo para a entrada do garaxe na dirección de Rúa Baiona, nº 18, os policía informan:

Que presentados na dirección comprobamos que a entrada do garaxe é nova, non dispoñendo de ningunha placa de pasaxe permanente. Posto en contacto con Dña. M., ésta lles informa que si dispoñían de sinal de pasaxe permanente e que a teñen en vigor pero que debido a que recentemente cambiaron a porta do garaxe e o sinal antigo estaba moi deteriorado polo paso do tempo, quería colocar un sinal novo.

Que a concesión do sinal novo quedaría pendente ata que o departamento correspondente comprobe que o manifestado pola solicitante é certo, xa que desde a Policía non se pode comprobar o estado en vigor do sinal ao non dispor de acceso ao rexistro.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que por parte do departamento de Xestión de Ingresos, se proceda a realizar a comprobación da autorización do sinal de pasaxe permanente no lugar de rúa Baiona, nº 18-Cangas.

SEGUNDO.- Unha vez comprobado que está correctamente, se procederá pola interesada á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

2.A.3) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

2.A.3.a) SOLICITUDE DE M. G. G.

Examinada a solicitude presentada o día 11.02.2016 por M. G. G., no que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 677 concedido para a súa instalación no lugar de Piñeiro, nº 17-Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

2.A.3.b) SOLICITUDE DE I. G. G.-B.

Examinada a solicitude presentada o día 23.02.2016 por I. G. G.-B., no que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 747 concedido para a súa instalación no lugar de Espiñeira en Areacova-Aldán, por duplicidade de sinal (nº 297).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

2.A.3.c) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/BAIXA DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE DA EMPRESA "LAGO PAGANINI" EN OJEA

Examinada o informe da Policía Local emitido o día 23.02.2016, referente a baixa de sinal de pasaxe permanente en Ojea, concedido á empresa "LAGO PAGANINI", que di o seguinte:

"BAIXA DE PASAXE PERMANENTE Nº 308



Concello de Cangas

Para facer constar que con relación a escrito que se achega, polo que se acorda cesión de terreno en Ojea por parte da empresa 'Lago Paganini', para zona de estacionamento do Concello de Cangas, deberase proceder a dar de baixa o sinal de pasaxe permanente nº 308, concedido para ese acceso rodado e colocar un sinal de 'Prohibida a entrada agás autorizados con tarxeta', que empregarán os colectivos da praza de abastos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a baixa de sinal de pasaxe permanente en Ojea, concedido á empresa "LAGO PAGANINI".

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

2.A.4) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE SINAL DE PASAXE PERMANENTE

Dase conta de escrito de D. R. A., administrador da "Comunidade de Propietarios ANDALUCÍA 8-10", no que reclama o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente nº 997 que figura instalado na Rúa Andalucía, nº 8-10 e a nome de FAB 2013 TEIDE FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS, a favor da "Comunidade de Propietarios ANDALUCÍA 8-10".

Así mesmo, dase conta de informe de Inspección de Taxas emitido o día 27.01.2016, no que se indica que non existe inconveniente para realizar o cambio solicitado, unha vez que exista a conformidade do titular do sinal.

Visto que con data 25.02.2016 por parte de D. R. A., administrador da "Comunidade de Propietarios ANDALUCÍA 8-10", se dá conta da conformidade das dúas partes para realizar o referido cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar a solicitude do Sr. R. A., de cambio de de titularidade do sinal de pasaxe permanente nº 997, que figura instalado na Rúa Andalucía, nº 8-10 a



Concello de Cangas

nome de FAB 2013 TEIDE FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS, a favor da "Comunidade de Propietarios ANDALUCÍA 8-10".

2.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local en data 26.02.1016:

1.- N. L. C., para pintado de liña amarela diante do seu garaxe sito en Rúa A Paz, nº 18-Cangas.

2.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PROHIBICIÓN DE ESTACIONAMENTO

Dase conta de informe emitido o día 25.02.2016 pola Policía Local, referente a sinalización de prohibido estacionar na zona do Cruceiro de Sínghlis, que é como segue:

"Nº REX: 329/16

ASUNTO: PROHIBICIÓN DE ESTACIONAR NO CRUCEIRO DE SÍNGULIS

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente fai constar:

Que no cruceiro de Sínghlis, en rúa Alvaro Guitián, están a estacionar vehículos na marxe esquerda desta, dificultando a circulación rodada.

Que se procede a colocar un sinal de prohibido estacionar provisional para solucionar o problema de estacionamento que se produce nas inmediacións do cruceiro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada do informe da Policía Local transcrito anteriormente, referente a sinalización en zona do Cruceiro de Sínghlis.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS



Concello de Cangas

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.



Concello de Cangas

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.619.- A ANCORADOURO, SL, para en Rúa Álvaro Guitián-Cangas, en solo urbano, regulado pola ordenanza do PEPRI, construír un edificio composto de 56,66 m²., de planta baixa, 68,18 m²., de primeiro andar, outros tantos de segundo andar e a mesma superficie de aproveitamento Baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico do arquitecto elemento Sequeiros Sestelo, de xullo de 2011 e a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección, estudo de seguridade e de telecomunicacións.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 1 de marzo de 2012.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de seis mil catrocentos dezasete euros con corenta e tres céntimos (6.417,43 €).



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.809.- A J. M. R., para no Xistro-Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 76,62 m²., de planta baixa, de conformidade co proxecto básico da arquitecta Marta Maneiro González, de decembro de 2015, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.148.- A GAS GALICIA, SDG SA, para en rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas, executar unha canalización de 1,00 metro, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:



Concello de Cangas

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil oitocentos vinte e un euros con doce céntimos (1.821,12 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.750.- A GAS GALICIA, SDG SA, para en rúa Lúa, nº 3-Darbo, executar unha canalización de 28,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:



Concello de Cangas

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil setecentos vinte e dous euros con cinco céntimos (1.722,05 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.853.- A GAS GALICIA, SDG SA, para en Praza do Arco, nº 8-Cangas, executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.



Concello de Cangas

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.542.- V. M. G. Colocación portal e formación de escaleira de acceso en Liméns-O Hío.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.876.- R. R. F. Estanco en Castelao, nº 7 baixo.

EXPEDIENTE Nº 1.904.- M^a. L. S. F. Cambio titularidade da licenza café-bar na Avda. Montero Ríos, nº 11-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.925.- P. A. V. Cambio titularidade da licenza de actividade de confitería-pastelería na Avda. Méndez Núñez, nº 17 baixo.

EXPEDIENTE Nº 1.834.- M. M. P. Tenda de roupa-Arquívase.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 2/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.02.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 2/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 2/2015-S

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar da Avda. de Pontevedra, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha rampla de acceso a este arrimado ao lindeiro, así mesmo se está a remodelar un portal e cerramento enfronte da parcela.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J. B. B., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.



Concello de Cangas

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que, se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.



Concello de Cangas

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e, no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 2/2015-S.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 29/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.02.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 29/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 29/2015/S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva



Concello de Cangas

licenza municipal, no lugar de estrada de Aldán, nº 63-Balea-Darbo, consistentes en: realizar un galpón de superficie aprox., 40,00 m².

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 19 de novembro de 2015 a de considerar as instalacións mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas e na Lei 9/2002.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M. P. G., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 29/2015-S.

5.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 35/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.02.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 35/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 35/2015/S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Choupana-Darbo consistentes en: instalación de un pivote e unha cadea.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 7 de novembro do 2015 a de considerar as instalacións mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V das Normas Urbanísticas II.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados I. F. G., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1 .b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como, na Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora



Concello de Cangas

aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1 Je) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, proponhan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días



Concello de Cangas

indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñero que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 35/2015-S.

5.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 39/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.02.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 39/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 39/2015-S

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Parada-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar a reforma dunha edificación.

Resultando que, con data 22 de febreiro do 2016 a inspección de obras deste concello informa que, as obras realizadas están abeiradas pola comunicación previa nº 25792 de data 1 de febreiro de 2016.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M. J. M., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.



Concello de Cangas

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.1c) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar



Concello de Cangas

por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 39/2015-S.

FACENDA

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓN XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DO PROCEDEMENTO ORDINARIO nº 4476/1991 TRAMITADO POLO TRIBUNAL SUPREMO SALA TERCEIRA CONTENCIOSO ADMINISTRATIVA A INSTANCIA DO CONCELLO DE CANGAS



Concello de Cangas

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 29.02.2016, referente a recoñecemento de custas derivadas do procedemento ordinario nº 4476/1991 tramitado pola Sala Terceira do Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo, a instancia do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 4476/1991 TRAMITADO POLO TRIBUNAL SUPREMO SALA TERCEIRA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA A INSTANCIA DO CONCELLO DE CANGAS

Visto o Decreto ditado en data 02/12/2015 polo Tribunal Superior no Procedemento ordinario nº 4476/1991, instruído a instancia do Concello de Cangas.

Visto que o citado Decreto aproba definitivamente a taxación de custas por importe de mil euros (1.000,00 €) a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de mil euros (1.000,00 €) en concepto de custas procesais con base no disposto no decreto de data 2/12/2015 do Tribunal Supremo, recaído no Procedemento ordinario nº 4476/1991 instruído a instancia de Concello de Cangas.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar íntegramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recoñecemento de custas derivadas do procedemento ordinario nº 4476/1991 tramitado pola Sala Terceira do Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo, a instancia do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.



Concello de Cangas

6.B) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 49/2015 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 81/2009

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.02.2016, referente a execución definitiva nº 49/2015 dimanante do procedemento ordinario nº 81/2009, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 49/2015 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 81/2009 (X-09/04)

Visto o Decreto ditado o día 20.10.2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na execución definitiva sobre liquidación de xuros nº 49/2015, que dimana do Procedemento Ordinario nº 81/2009, instruído a instancia da mercantil NEOR SA.

Visto que o citado Decreto na súa parte dispositiva aproba a proposta de liquidación de xuros presentada pola parte executante NEOR SA, que ascende á cantidade de vinteún mil catrocentos corenta e seis euros con corenta e seis céntimos (21.446,46 €).

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga por importe de vinteún mil catrocentos corenta e seis euros con corenta e seis céntimos (21.446,46 €) a favor da mercantil NEOR SA, con NIF nº A36628535, con cargo á aplicación 2016/336-352 do vixente orzamento municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a execución definitiva nº 49/2015 dimanante do procedemento ordinario nº 81/2009.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.



Concello de Cangas

6.C) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA Nº 4282/2015 DITADA POLA SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN Nº 1217/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.02.2016, referente a sentenza nº 4282/2015 ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 1217/2014, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 4282/2015 DITADA POLA SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN Nº 1217/2014 (X-13/16)

Vista a Sentenza nº 4282/2015 ditada o día 08.07.2015 pola Sala do Social (Sección 1) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de suplicación nº 1217/2013 interposto por don M. C. S. contra a Sentenza nº 48/2014 ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo no procedemento ordinario 600/2013.

Visto o fallo da citada sentenza nº 4282/2015 cuxo tenor literal é o seguinte: 'Estimando o recurso de suplicación articulado por don M. C. S. contra a sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo con data 23.01.2014 no procedemento ordinario nº 600/2013, instado por aquel fronte do Concello de Cangas sobre cantidades, revogamos a resolución de instancia e estimando a demanda rectora do procedemento declaramos o dereito da parte actora a percibir a cantidade de vinte e catro mil euros (24.000,00 €) en concepto de indemnización por incapacidade permanente total derivada de accidente de traballo, condenando á entidade demandada a estar e pasar polo declarado'.

Visto o Auto de data 29.10.2015 ditado polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo no indicado procedemento polo que acorda despachar execución da sentenza firme nº 4282/2015 (Execución de títulos xudiciais 283/2015) e o Decreto da mesma data no que require ao Concello para que no prazo de UN MES dea cumprimento ó acordado na sentenza.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga por importe de vinte e catro mil euros (24.000,00 €) a favor de don M. C. S., con DNI nº 35276219-S, con cargo á aplicación 2016/920-16205 do vixente orzamento municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 4282/2015 ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 1217/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

6.D) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA Nº 134/15 DE DATA 09/10/2015 DITADA POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 3 DE CANGAS NO PROCEDEMENTO XUÍZO VERBAL Nº 470/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.02.2016, referente a sentenza nº 134/15 de data 09/10/2015 ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Cangas, no procedemento xuízo verbal Nº 470/2014, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 134/15 DE DATA 09/10/2015 DITADA POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 3 DE CANGAS NO PROCEDEMENTO XUÍZO VERBAL Nº 470/2014 (X-15/03)

Visto o fallo da Sentenza nº 134/15 de data 09/10/2015 recaída no procedemento de xuízo verbal Nº 470/2014 tramitado no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Cangas a instancia de M. I. L. L., que condenaba ao Concello a pagar a actora a cantidade de dous mil euros (2.000,00 €), producindo dita cantidade os xuros procesais do artigo 576 LEC, dende a notificación da sentenza e ata o completo pago.

Visto que a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da referida sentenza en sesión ordinaria de data 09/11/2015 e acordou que se adoptarán as disposicións precisas para dar cumprimento á sentenza.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de dous mil euros (2.000,00 €) a favor de M. I. L. L., NIF 35443366K, con cargo á partida 920-625 do orzamento de gastos do ano 2016.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar íntegramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 134/15 de data 09/10/2015 ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Cangas, no procedemento xuízo verbal Nº 470/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

6.E) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA Nº 819/2006 DE 21.09.2003 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 4350/2003

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 24.02.2016, referente a sentenza nº 819/2006 de 21.09.2003 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario nº 4350/2003, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 819/2006 DE 21.09.2003 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4350/2003 (X-03/10)

Vista a Sentenza Nº 819/2006 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo Sección 2ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario Nº 4350/2003, instruído a instancia da mercantil SERAGUA FCC UTE (agora UTE AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA SA E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA) pola que se condena a este Concello a abonarlle á reclamante a cantidade de seiscentos noventa e seis mil catrocentos cincuenta e dous euros con sete céntimos (696.452,07 €) en prazos liñais mensuais durante un período de 10 anos.

Visto o escrito de data 17.02.2016 recibido o día 23.02.2016 (entrada nº 2246) no que o TSX de Galicia require a este Concello para que: 'prosiga en debida forma a execución da sentenza resolutoria no presente proceso ata que se complete a totalidade do pago ordenado na dita sentenza'.



Concello de Cangas

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de sesenta e nove mil seiscentos corenta e cinco euros con vinte e un céntimos (69.645,21 €), en concepto de principal correspondente ao exercicio 2016 (9ª anualidade), a favor de AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA SA E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA UTE, co CIF nº: U36768927, con cargo á aplicación 161-22699 do vixente orzamento municipal.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar íntegramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 819/2006 de 21.09.2003 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario nº 4350/2003.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

6.F) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TASACIÓN DE CUSTAS Nº 305/2013 0001-CC DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 305/2013, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE Mª. C. P. P.

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 29.02.2016, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de tasación de custas nº 305/2013 0001-cc derivada do Procedemento Ordinario nº 305/2013, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia de Mª. C. P. P., que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TASACIÓN DE COSTAS Nº 305/2013 0001-CC DERIVADA DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 305/2013 TRAMITADO POLO XULGADO DO



Concello de Cangas

CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE M^a. C. P. P.

Visto o Decreto ditado en data 25/02/2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na Peza de Tasación de Costas nº 305/2013 0001-CC no Procedemento Ordinario nº 305/2013, instruído a instancia de M^a. C. P. P.

Visto que o citado Decreto aproba definitivamente a taxación de custas por importe de mil sesenta e oito euros (1.068,00 €) a cuxo pagamento resultou condenado este Concello xunto con C. L. C. S.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de cincocentos trinta e catro euros (534,00 €) en concepto de custas procesais, con base no disposto no decreto de data 25/02/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaído na Peza de Tasación de Costas nº 305/2013 0001-CC no Procedemento Ordinario nº 305/2013 instruído a instancia de M^a. C. P. P. (metade dos 1.068 € fixados no citado decreto).

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de tasación de custas nº 305/2013 0001-cc derivada do Procedemento Ordinario nº 305/2013, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia de M^a. C. P. P.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

6.G) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 11/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

1.- PO 336/2014.- SENTENZA Nº 11/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3

- O recorrente: ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA DE CANGAS RONOMAR.

- Contido: estima o recurso contencioso-administrativo tramitado como PO Nº 336/2014, a instancia de Asociación Cultural Deportiva de Cangas Ronomar, fronte do Concello de Cangas contra a desestimación por silencio do requirimento formulado pola recorrente a cargo de dito ente local pola asociación demandante sobre cesación de vía de feito no relativo a un corte de sumministración eléctrica.

Declara dita resolución non conforme a dereito e a revoga, con condena á administración demandada a cesar na medida de corte de subministración eléctrica aplicada sobre o contador xeral da asociación por Unión Fenosa.

Condena á Administración demandada ao pago das custas procesais, en contía que non poderá exceder de oitocentos (800,00 €) no relativo a gastos de defensa e representación.

- Sentenza firme.

6.H) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 24/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada dos seguintes datos:

1.- PA 122/2015.- SENTENZA Nº 24/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

- A persoa recorrente: J. R. P. A.

- Contido: estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo tramitado como PA Nº 122/2015, a instancia de J. R. P. A., contra a resolución de data 09/02/2015, adoptada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data



Concello de Cangas

19/01/2015, pola que se acorda desestimar o recurso de reposición interposto por J. R. P. A. contra resolución de data 08.10.2014 dictada no expediente sancionador nº 24/11, tramitado polo Concello de Cangas, pola que se impón unha multa de seis mil un euros (6.001,00 €), anulando as resolucións recorridas no único sentido de acordar que a infracción pola que se sanciona a J. R. P. A. é unha infracción leve do artigo 214.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a multa imposta ascende á cantidade de seiscentos euros (600,00 €) que deberá aboar J. R. P. A. mantendo en todo o demáis as resolucións recorridas e todo iso, sen facer expresa imposición de costas a ningunha das partes.

- Sentenza firme.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

SUBVENCIONS

7º.- ESCRITOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/ENTREGA DE INVESTIMENTOS REALIZADOS NO CONCELLO DE CANGAS

7.A) DACION DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/ENTREGA DO INVESTIMENTO "CANALIZACIÓN DO RÍO PRESAS-OUTEIRO-COIRO"

Dase conta de escrito do día 16.02.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a Resolución do día 12.02.2016 da xefa do Servizo de Cooperación Municipal, na que se resolve entregar ao Concello de Cangas o investimento denominado "CANALIZACIÓN DO RÍO PRESAS-OUTEIRO-COIRO", cun custo de adxudicación de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do escrito de referencia.

7.B) DACION DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/ENTREGA DO INVESTIMENTO "PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA CHOUPANA-DARBO"

Dase conta de escrito do día 16.02.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a Resolución do día 12.02.2016 da xefa do Servizo de Cooperación Municipal, na que se resolve entregar ao Concello de Cangas o investimento denominado "PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA CHOUPANA-



Concello de Cangas

DARBO", cun custo de adxudicación de noventa e nove mil vinte e dous euros con vinte e tres céntimos (99.022,23 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do escrito de referencia.

8º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 25.01.2016, POLA QUE SE APROBA O PLAN MARCO "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016, COFINANCIADO CO FEADER

Vista a proposta da Alcaldía de solicitude de axuda á Axencia Galega de Desenvolvemento rural, que é como segue:

"SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 25.01.2016, POLA QUE SE APROBA O PLAN MARCO "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016, COFINANCIADO CO FEADER

De conformidade coa documentación remitida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan Marco: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Vistas as necesidades municipais, redactase polos servizos técnicos municipais, proxecto de PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO EXPLOTACIÓNS EN ERBELLO-CANGAS.

Polo que, se propón á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Resolución do 25 de febreiro de 2016, axuda para o desenvolvemento do proxecto de PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO EXPLOTACIÓNS EN ERBELLO-CANGAS, cun orzamento total de oitenta e dous mil cento corenta e un euros con oitenta e oito céntimos (82.141,88 €) IVE incluído.

Segundo.- Facultar ao sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI 76328194A, que é alcalde por acordo Plenario de data do 13/06/2015, para que asine a solicitude de subvención e demais tramitación que sexa precisa na tramitación deste expediente.



Concello de Cangas

Terceiro.- Declarar que non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para os proxectos que se solicitan”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

9º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

9.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 29.02.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, para a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

1.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2016 (BOP da Provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que: as autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do Concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2016, os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2016, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.



Concello de Cangas

III.- As persoas que de seguido se relacionan, presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación, se ben sendo observadas deficiencias foron requeridas, ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados, advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Dentro do prazo outorgado estas emendaron satisfactoriamente os defectos detectados polo que compre adoptar o presente acordo que declara a renovación para o ano 2016 das autorizacións das que eran titulares.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2016, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a:

Ref: 51.- J. A. J. B.

Ref: 114.- P. M^a. V. A.

RENOVACIÓN CON CAMBIO TITULARIDADE

Ref: 73.- M^a. C. J. J. - D. D. S.

Segundo.- *Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, para a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante.

9.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL



Concello de Cangas

Vista a proposta do día 25.02.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local de data 25/01/2016, notificado aos interesados o 05/02/2016, foi denegada a renovación para o ano 2016 da autorización de venda ambulante a Maquinaria Agrícola Carpintero SL, por non presentar a súa solicitude no prazo outorgado.

Visto que a interesada presentou a documentación para a renovación o 08/01/2016.

Visto o escrito presentado por Maquinaria Agrícola Carpintero SL, con rexistro de entrada nº 1838 do 16/02/2016, polo que se interpón recurso de reposición baseado nos seguintes argumentos:

- Que a apoderada da mercantil interesada estivo incapacitada durante todo o mes de decembro de 2015 o que acreditan con documento médico que achegan.

- Do informe médico que se achega resulta acreditado que durante o prazo de presentación de instancias para a renovación establecido no artigo 16 do regulamento, a persoa indicada estaba imposibilitada para efectuar a solicitude de renovación personalmente, por tal motivo procede atender ao recurso de reposición presentado e proceder a acordar a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2016, dado que, con excepción do prazo para o que se presenta a xustificación indicada, unha vez revisada a documentación presentada esta cumpre cos requirimentos establecidos na ordenanza municipal, o Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P. de Pontevedra nº 67 do 08/04/2013) e na lexislación de aplicación.

Non obstante cómpre advertir á interesada que no sucesivo deberá adoptar as previsións oportunas, de tal xeito que se poida realizar a renovación en casos semellantes dentro do prazo outorgado polo artigo 16 do regulamento de aplicación vixente.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado por Maquinaria Agrícola Carpintero SL, e en consecuencia, deixando sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 25/01/2016, outorgar a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2016 da que é titular Maquinaria Agrícola Carpintero SL, por cumprir cos requisitos esixidos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos departamentos municipais de Estatística, Tesourería e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, advertindo como recursos procedentes contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

10º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/TRAMITACIÓN PARA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO XACEMENTO DO FACHO DE DONÓN

Dase conta de escrito do día 16.02.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a tramitación correspondente para realizar actuacións no Xacemento do Facho de Donón, que di o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra está a levar a cabo a posta en valor de 18 xacementos galaico-romanos da Provincia de Pontevedra, mediante unha estratexia de promoción turística, segundo o Protocolo Xeral asinado o 14 de marzo de 2015 entre o Ministerio de Fomento e esta administración local. As liñas estratéxicas de actuación correspondan a súa limpeza, mantemento, sinalización, difusión/promoción, escavación, musealización, accesibilidade e dixitalización. A Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda intervén nas tarefas enmarcadas nas liñas estratéxicas de accesibilidade/sinalización e musealización encamiñadas á posta en valor dos citados xacementos.

Dentro do citado proxecto de referencia contéplase a realización de actuacións no xacemento de Facho de Donón (Cangas, Pontevedra), seleccionado entre os 18 xacementos polo seu interese científico, cultural e



Concello de Cangas

turístico. Os traballos comprenden a realización de tarefas de escavación. Para iso, estase a desenvolver o proxecto.

Dito proxecto precisa a autorización do Concello de Cangas, para poder continuar os trámites administrativos e solicitar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a autorización para executar a actuación de escavación nese xacemento.

Por todo o anterior, SOLICÍTASE a autorización necesaria para acompañar ao proxecto de escavación do xacemento de Facho de Donón (Cangas) e continuar os trámites legais necesarios para a consecución dos obxectivos do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da Provincia de Pontevedra, que se está a levar a cabo pola Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16, acorda autorizar á Deputación Provincial de Pontevedra para acompañar ao proxecto de escavación do xacemento de Facho de Donón (Cangas) e continuar os trámites legais necesarios para a consecución dos obxectivos do protocolo xeral para a posta en valor dos xacementos galaico-romanos da Provincia de Pontevedra.

11º.- APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE O MUSEO DO MAR DE GALICIA E O CONCELLO DE CANGAS S/DEPÓSITO DE BENS PROCEDENTES DA FACTORÍA DE BALEEIRA DE CANELIÑAS E DIVERSA MAQUINARIA DA CONSERVEIRA MASSÓ

Dase conta de convenio entre a Fundación de interese galego MUSEO DO MAR DE GALICIA e o Concello de Cangas, para a cesión do Concello de Cangas do Morrazo como propietario de diversos **bens procedentes da factoría de baleeira de Caneliñas e diversa maquinaria da conserveira Massó**, e manifestan a súa vontade de depositar por un período de 5 anos estes bens no Museo do Mar de Galicia, sito na Avda. Atántida, 160, 36208-Vigo, xestionado pola Fundación Museo do Mar de Galicia, e así mesmo, que a Fundación Museo do Mar de Galicia acepta dita depósito, considerando os beneficios que comporta a recepción dos referidos bens no Museo do Mar de Galicia, en orde a súa protección, conservación, promoción e difusión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio entre a Fundación de interese galego MUSEO DO MAR DE GALICIA e o Concello de Cangas, para a cesión do Concello de



Concello de Cangas

Cangas do Morrazo como propietario de diversos **bens procedentes da factoría de baleeira de Caneliñas e diversa maquinaria da conserveira Massó**, e manifestan a súa vontade de depositar por un período de 5 anos estes bens no Museo do Mar de Galicia, sito na Avda. Atántida, 160, 36208-Vigo, xestionado pola Fundación Museo do Mar de Galicia.

SEGUNDO.- Facultar ao sr. alcalde para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Cultura e Intervención.

12º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" E O CONCELLO DE CANGAS S/DESENVOLVER A XXXIII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

Dase conta de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "XIRIA" e o Concello de Cangas, para desenvolver a XXXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "XIRIA" e o Concello de Cangas, para desenvolver a XXXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

SEGUNDO.- Facultar ao sr. alcalde para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Cultura e Intervención.

13º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE CULTURAL "NINGURES" E O CONCELLO DE CANGAS S/ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS-2016

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

PERSOAL



Concello de Cangas

14º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 34 TRABALLADORES/TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Vista a proposta da Alcaldía do día 24.02.2016, referente a aprobación de bases para a selección de 34 traballadores/traballadoras, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, que é como segue:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistas as Bases reguladoras do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2016 convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27/11/2015 (BOP DO 2/12/2015) e en particular os requisitos e criterios para a selección dos traballadores que se contraten para realizar as obras e servizos (líña 4).

Visto que a Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión ordinaria da súa Xunta de Goberno do día 12/02/2016, aprobou entre outros, conceder a subvención solicitada para a contratación de 34 traballadores/as ao Concello de Cangas dentro do citado Plan.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02/07/2015,

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Aprobar as bases para a selección de 34 traballadores segundo acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 12/02/2016 ao abeiro do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2016 convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27/11/2015 (BOP DO 2/12/2015), bases que acompañan como anexo a presente resolución.

SEGUNDO: Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda á contratación das persoas seleccionadas cumprindo co disposto no citado acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 12/02/2016.



Concello de Cangas

TERCEIRO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

Así o dispoño, en Cangas, a vinte e catro de febreiro de dous mil dezaseis.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Pazos Varela

ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN DE 34 TRABALLADORES SEGUNDO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 12/02/2016 AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016 CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 34 traballadores de acordo co Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2016 convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27/11/2015 (BOP DO 2/12/2015) e resolto por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 12/02/2016 distribuídos do xeito que a continuación se pormenoriza:

| DENOMINACIÓN SERVIZO | Nº DE TRABALLADORES | DATA DE INICIO PREVISTA |
|--|--|-------------------------|
| Apoio á brigada de obras, limpeza e mantemento de espazos públicos | 13 traballadores agrícolas | 02/05/2016 |
| Apoio ao servizo de limpeza viaria | 6 varredores | 14/03/2016 |
| Apoio á brigada de obras | 10 traballadores (4 peóns albaneis, 4 xardineiros/as, 1 peón electricista, 1 condutor) | 02/05/2016 |
| Apoio ao servizo de conserxería en edificios públicos | 3 traballadores (1 conserxe para instalacións deportivas, 1 conserxe para Praza de | 14/03/2016 |



Concello de Cangas

| | | |
|--|---|------------|
| | Abastos, 1 conserxe para a Casa da Cultura) | |
| Servizo de apoio ao Gabinete de Alcaldía | 2 auxiliares administrativos | 04/04/2016 |

Respecto ao réxime de contratación e retribucións será o de un contrato laboral, a tempo parcial, de 35 horas semanais por un período máximo de seis meses que de acordo co disposto nas bases do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2016 convocado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27/11/2015 (BOP DO 2/12/2015) liña 4 está destinado á contratación de persoas desempregadas, non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI ou PREPARA), inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os custes por traballador e mes por tódolos conceptos veñen determinados pola cantidade outorgada pola Deputación Provincial a este fin ao Concello de Cangas segundo o acordo de data 12/02/2016 e que ascende a 200.556,48 euros para a contratación de 34 traballadores. **983,12 € por mes e traballador por tódolos conceptos.**

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501).

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Non se require titulación académica específica (DA 7ª EBEP) excepto no caso do/a auxiliar administrativo que debe contar como requisito mínimo co ciclo medio de xestión administrativa ou equivalente.



Concello de Cangas

- Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- Ser persoas desempregadas, non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI ou PREPARA), inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, e ser remitidos por este servizo para participar neste proceso selectivo.
- Contar co permiso de conducir que habilite para o manexo do tractor e remolque, así como da escavadora municipal para o posto de condutor.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordos ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un *ratio* mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo debendo presentarse para a entrega das presentes bases e información sobre o desenvolvemento do proceso selectivo no día hora e lugar que se lles indique na comunicación que reciban dende a Oficina Pública de Emprego.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior a realización do proceso de selección poderá



Concello de Cangas

excluirse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

Os aspirantes, na reunión na que se lle faga entrega das bases de acordo co establecido na base anterior, serán convocados para a realización das diferentes probas en función do posto para o que foron preseleccionados con indicación do día hora e lugar na que deberá estar presentes para a realización do chamamento e posterior realización dos exercicios da fase de oposición de cada categoría de acordo cos criterios de distribución que estableza o Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécense dúas comisións de selección ou tribunais cualificadores para a selección dos aspirantes en función dos servizos que se recollen na base primeira, estes tribunais xulgarán as probas, garantindo e supervisando o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Cada tribunal estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva dos tribunais (que se publica aos efectos de posibles recusacións) é a seguinte:

- **COMISIÓN DE SELECCIÓN A.** Tribunal de selección das prazas de auxiliar administrativo, conserxes e varredores.

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez
SECRETARIA: María Teresa Casal Rivas
Vocal 1º: Carmen Fandiño Docío
Vocal 2º: José Carlos Barreiro Miranda
Vocal 3º: Sofía Santos Soliño
Suplente indistinta: Peregrina Calvo Calvo



Concello de Cangas

- COMISIÓN DE SELECCIÓN B. Tribunal de selección das 13 prazas destinadas ao Servizo de apoio á brigada de obras, limpeza e mantemento de espazos públicos e as 10 prazas destinadas a Apoio á brigada de obras

PRESIDENTA: Josefa Rial Mariño

SECRETARIA: Cristina Padín Martínez

Vocal 1º: Carmen Gómez Cancela

Vocal 2º: Alfonso Sestay Martínez

Vocal 3º: Ángel Manuel Vidal Rajó

Suplente indistinto: Antonio Fernández Paredes

Cada Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Cada Tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente.

SEXTA.– SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.– FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

PROBA DE OPOSICIÓN.

A oposición constará de dúas partes:

PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/a do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal por escrito ou oralmente relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas e/ou vehículos (no seu caso) propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo. Para as prazas de conserxe o exercicio práctico e/ou preguntas



Concello de Cangas

poderán versar ademais sobre situación das dependencias municipais e funcións que se desenvolven nas mesmas.

Na selección das prazas de auxiliar administrativo se realizará un test escrito de 20 preguntas e 5 preguntas reserva que versará sobre ofimática, xestión administrativa e procedemento administrativo no ámbito local (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local), nun tempo máximo de 40 minutos sendo seleccionada a persoa que acade a puntuación máxima. Neste caso o desempate resolverase en primeiro lugar atendendo ao resultado das respostas reserva, en segundo lugar tomaranse en consideración as respostas ás preguntas formuladas eliminando ao candidato que cometa o primeiro fallo segundo a orde na que estean formuladas, en terceiro lugar acudirase aos criterios que se sinalan na base oitava. Os/as aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para a realización do exercicio.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Proba non eliminatória que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. O Tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA



Concello de Cangas

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos na base oitava liña 4 das bases da convocatoria do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016 (BOP de Pontevedra de 02/12/2015), en base aos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, os que conte o Concello e, de ser preciso, a declaración xurada que deberán presentar os empatados, a requirimento dos membros do Tribunal. Estes criterios valoraranse pola orde que figuran no citado apartado ata desfacerse o empate e de persistir o empate procederase a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios e ferramentas de traballo en cada servizo cos aspirantes empatados.

A continuación cada Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas, dentro dos prazos estipulados no acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de concesión das axudas, procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50 % do total posible que serían chamados por orde de puntuación.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web dende o día seguinte a data da súa aprobación, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin o procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES



Concello de Cangas

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.– NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente